

A CULTURA  
É UN DEREITO

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS  
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

A CULTURA

XVIII XORNADA

XORNADA ARTE E SAÚDE:  
A MÚSICA

É UN DEREITO

22 de novembro de 2024

Pazo de Mariñán, Bergondo (A Coruña)

Comisaria:  
Ugia Pedreira

[www.aculturaeundereito.gal](http://www.aculturaeundereito.gal)

Organiza:



Deputación  
DA CORUÑA

xestión e produción:



DIRECCIÓN  
GALEGA DE OUTROS  
ASUNTOS DO MOVIMENTO

As actividades culturais e artísticas poden promover a saúde, mellorar enfermidades físicas e mentais, aportar beneficios no noso benestar e apoiar tratamentos sanitarios a nivel cognitivo, emocional e físico en todas as etapas da vida.

A Arte, o xogo desde crianza á vida adulta que nos fai explorar e experimentar para nos coñecer mellor, posúe tantas definicións como utilidades: delirio, catarse, fuxida da realidade, transcendencia, necesidade intrínseca, poder transformador promotor da cohesión social, que vai de dentro a fóra, que para determinados saberes ven da supraconsciencia, fórmula e estímulo primixenio de comunicación e relacionamento persoal... É pois, e así o conclúe a OMS con máis de 900 publicacións científicas en todo o mundo, que a arte ten un potencial de esfera sanadora nas nosas vidas.

Esta Xornada de A Cultura é un Dereito adicada á Arte e Saúde está enfocada á Música como vital manifestación expresiva e expansiva para infinitos acontecementos humanos, independentemente da xeografía e cultura. É a música unha poderosa ferramenta social tendo en conta os efectos positivos no noso cerebro ata ser a arte representativa do patrimonio intanxíbel da historia xeracional da humanidade.

As asociacións, A Memoria é Náufraga e a Oficina Galega de Outros Asuntos do Movemento xunto coa Área de Cultura da Deputación de A Coruña impulsamos esta primeira Xornada de Arte e Saúde co fin de estender á poboación os proveitos do vínculo artístico, para a integración de valores e boas prácticas nunhas programacións culturais máis horizontais, participativas e máis acordes coa "divercapacidade" (Cecilia Crespo) de todos os públicos, para que conteñan parámetros que nos enriquezan na saúde física e mental. Polo tanto, vai dirixido tanto a profesionais da educación como estudantes, artistas, persoas do mundo da comunicación e da xestión cultural, ben sexa dende a técnica ou dende a mediación, do ámbito da institución pública ou organismos privados, e mesmo ás empresas conscientes deste potencial das artes.

Xa é un feito que a interrelación directa das prácticas artísticas, mediante observación e/ou execución das mesmas produce mellora na percepción física e psíquica das persoas. Así pois, entendemos que entroncar a boa saúde, coa consciencia da diferenza de aprendizaxes, o goce e a celebración comunal, rememora a Declaración de Hangzhou (UNESCO 2013): situar a cultura no centro das políticas de desenvolvemento sostíbel "os dereitos culturais, o acceso aos bens e servizos culturais, a libre participación da vida cultural e liberdade de expresión artísticas son fundamentais para forxar sociedades equitativas e inclusivas".

Ugia Pedreira

Comisaria da Xornada

A CULTURA É UN DEREITO

---

# VENRES 22 PROGRAMA

---

**10:00 h**

**Benvinda e acreditación dos participantes.**

**10:15 - 11:45 h**

*Música e cerebro: bases cerebrais do procesamento musical. O potencial da música na neurorehabilitación.*

Antoni Rodríguez Fornells. Profesor de Investigación ICREA no Instituto de Investigación Biomédica de Bellvitge (IDIBELL) e na Universidade de Barcelona (UB).

**11:45 – 12:15 h**

**PAUSA - CAFÉ**

**12:15 – 14:00 h**

**Experiencias de vida:**

- *Basal. Composición e diversidade funcional desde o corpo-casa.* Ugia Pedreira. Coordinadora da mesa. Psicóloga, cantautora, escritora e activista cultural.
- *O meu mestre, o lado esquerdo.* Robert Pier. Guitarrista e compositor.
- *Un camiño cara a superación da esclerose múltiple.* Mihaela Duma, pianista, e Cristian Terán, narrador.

**14:00 – 16:00 h**

**XANTAR**

**16:00 – 17:30 h**

Proxecto de investigación: *Sensoxenoma*. Antonio Salas. Catedrático da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Laura Navarro. Doutora en Educación Musical e pianista

**17:30 – 18:00 h**

**PAUSA – CAFÉ**

**18:00 – 20:00 h**

Obradoiro de improvisación libre (Participación aberta) con Chefa Alonso. Doutora en Performing Arts pola Brunel University (Londres), Licenciada en Medicina pola USC, Saxofonista, Compositora, Improvisadora e Docente.

**20:00 h**

**PECHE**

---

**A asistencia é gratuita e o aforo limitado.**

**A inscrición á xornada debe realizarse a través do formulario habilitado para tal fin no enlace seguinte, aberto dende o 1 de novembro ás 10.00 ata o 20 de novembro ás 16.00.**

**Haberá un servizo de interpretación de lingua de signos.**

---